



ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A SELECCIÓN TÉCNICO DE XESTIÓN DO CONCELLO DE ARZÚA MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE (EXPEDIENTE: 2025/E003/000002)

CONVOCATORIA DO TERCEIRO EXAME.

Convócase ás persoas que superaron o segundo exercicio da fase de oposición á celebración do terceiro exame do proceso selectivo e que se celebrará no Salón de Sesións do Concello de Arzúa o **día 24 de setembro do 2026 ás 10:00 horas**.

De acordo co disposto nas bases, consistirá en desenvolver por escrito, durante o período máximo de dúas horas e consistirá na redacción dun ou varios supostos prácticos de carácter procedimental e administrativo que determinará o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio, relativos ás tarefas administrativas propias da subescala.

Durante o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos, non permitíndose o manexo de textos comentados nin libros de formularios.

Este exercicio deberá ser lido obrigatoriamente ante o tribunal, en sesión pública e puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

O Secretario do Tribunal.